



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de outubro de 2022 (1301/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta minutos do día tres de outubro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(807).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(808).- CORRECCIÓN DE ERROS NOS PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO DE OPERACIÓN DE SEGURIDADE (SOC) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9924/113.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/09/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e coa conformidade da titular de Asesoría Xurídica municipal e do interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 15 de setembro de 2022, aprobou o expediente para a contratación por procedemento aberto urgente do subministro da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización de centralización de claves e custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados, autorizou o gasto e acordou a apertura da licitación.

II.- O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea e publicouse no perfil de contratante o 23 de setembro de 2022.

III.- Aberto o prazo de presentación de proposicións o xefe do Servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de Seguridade Informática emitiron o 30 de setembro de 2022 o seguinte informe:

“En comunicación co CCN-CERT (Centro criptolóxico Nacional) detectouse un erro material no prego de prescricións técnicas particulares na cláusula 3.3.2 na que se indica:

“3.3.2 Auditoría externa cara a certificación no Esquema Nacional de Seguridad (ENS)

O licitador incluíra a realización dunha auditoría externa cara a obtención do certificado de conformidade co ENS en categoría MEDIA para os sistemas de in-



Concello de Vigo

*formación do concello afectados. Dita auditoría **terá que** facerse por unha entidade de certificación cunha acreditación vixente pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación)."*

Esta redacción limitaría a concorrncia xa que por normativa do mesmo ENAC, as entidades acreditadas para certificación pola ENAC teñen limitada a realización de auditorías externas previas en esta materia.

En realidade, a referida cláusula debería indicar:

"3.3.2 Auditoría externa cara a certificación no Esquema Nacional de Seguridad (ENS)

*O licitador incluíra a realización dunha auditoría externa cara a obtención do certificado de conformidade co ENS en categoría MEDIA para os sistemas de información do concello afectados. Dita auditoría **poderá** facerse por unha entidade de certificación cunha acreditación vixente pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación)."*

Así mesmo, o punto 5 da memoria xustificativa contempla como requisito de solvencia técnica, entre outras, a "Acreditación vixente da entidade de certificación proposta polo adxudicatario para a realización da auditoría externa cara obtención do ENS acreditada pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación)". Polo mesmo motivo polo que se propón a corrección do PPT, non procede esixir tal requisito de solvencia técnica".

Á vista do informe transcrito estamos ante erros detectados nos prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos

Segundo o previsto nos artigos 122 e 124 da LCSP, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares aprobaranse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, e "*só poderán ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego conlevará a retroacción de actuacións*".

Tamén a lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa detectáronse os seguintes erros no prego de prescricións técnicas particulares (PPT) e no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):

- Cláusula 3.3.2 do PPT "Auditoría externa cara a certificación no Esquema Nacional de Seguridad (ENS)" que establece:

*“O licitador incluirá a realización dunha auditoría externa cara a obtención do certificado de conformidade co ENS en categoría MEDIA para os sistemas de información do concello afectados. Dita auditoría **terá** que facerse por unha entidade de certificación cunha acreditación vixente pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación)”.*

Cando debería dicir:

*“O licitador incluirá a realización dunha auditoría externa cara a obtención do certificado de conformidade co ENS en categoría MEDIA para os sistemas de información do concello afectados. Dita auditoría **poderá** facerse por unha entidade de certificación cunha acreditación vixente pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación)”.*

- Apartado 5B do Anexo I -FEC- do PCAP no que se indican os seguintes “MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL”:
 - *“Os consignados na cláusula cláusula 8.4.8º deste PCAP.*
 - *Posuír as seguintes acreditacións técnicas:*
 1. *Acreditación de partner ou revendedor autorizado da solución actual de monitorización instalada no Concello de Vigo NXT_ThreatView mediante certificado oficial do fabricante.*
 2. ***Acreditación vixente da entidade de certificación proposta polo adxudicatario para a realización da auditoría externa cara obtención do ENS acreditada pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación).***
 3. *Acreditación vixente da pertenza do SOC proposto como membro de CSIRT.es, rede de equipos de resposta a incidentes de seguridade dentro do territorio español.*
 4. *Acreditación vixente da pertenza do SOC proposto a algunha rede internacional de equipos de resposta a incidentes de seguridade CSIRT como FIRST ou Trusted Introducer.*
 5. *Acreditación vixente da certificación de conformidade do ENS en categoría media ou superior por parte do licitador acreditado pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación).*

Segundo indican o xefe do Servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de Seguridade Informática no seu informe do 30 de setembro de 2022 a redacción orixinal da cláusula 3.3.2 do PPT *“limitaría a concorrência xa que por normativa do mesmo ENAC, as entidades acreditadas para certificación pola ENAC teñen limitada a realización de auditorías externas previas en esta materia”.* Polo mesmo motivo, procede eliminar o seguinte requisito de solvencia técnica:

“2. Acreditación vixente da entidade de certificación proposta polo adxudicatario para a realización da auditoría externa cara obtención do ENS acreditada pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación)”.

-II-

Da ampliación dos prazos de presentación de ofertas



Concello de Vigo

O artigo 136.2 da LCSP establece a obriga dos órganos de contratación de ampliar o prazo inicial de presentación de ofertas en dous supostos:

- Cando por calquera razón os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación consonte ao previsto no artigo 138 da LCSP.
- No caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación.

E determina que se considera modificación significativa dos pregos. Esta será a que afecte aos seguintes extremos:

- A clasificación requirida
- O importe e o prazo do contrato
- As obrigas do adxudicatario
- O cambio ou a variación do obxecto do contrato

E con relación coa duración da prórroga determina que esta será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado.

-III-

Natureza significativa da modificación e procedencia da ampliación do prazo

No caso que nos ocupa os erros materiais que determinan a modificación do prego de prescricións técnicas particulares e do prego de cláusulas administrativas particulares son significativas por canto afectan á solvencia técnica esixida aos licitadores e porque o propio informe do 30 de setembro de 2022 do xefe do Servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de Seguridade Informática establece que ese requisito de solvencia podería limitar a concorrência.

En consecuencia, sería preciso reiniciar o prazo de presentación de ofertas.

-IV-

Competencia

A competencia para a corrección dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación.

PROPOSTA DE ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Rectificar a cláusula 3.3.2 do prego de prescricións técnicas particulares “Auditoría externa cara a certificación no Esquema Nacional de Seguridade (ENS)” que quedará como segue:

Onde di:

*“O licitador incluíra a realización dunha auditoría externa cara a obtención do certificado de conformidade co ENS en categoría MEDIA para os sistemas de información do concello afectados. Dita auditoría **terá** que facerse por unha entidade de certificación cunha acreditación vixente pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación)”.*

Debe dicir:

*“O licitador incluíra a realización dunha auditoría externa cara a obtención do certificado de conformidade co ENS en categoría MEDIA para os sistemas de información do concello afectados. Dita auditoría **poderá** facerse por unha entidade de certificación cunha acreditación vixente pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación)”.*

2º.- Rectificar o apartado 5B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares “MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL”, que quedará como segue:

Onde di:

- *“Os consignados na cláusula cláusula 8.4.8º deste PCAP.*
- *Posuír as seguintes acreditacións técnicas:*
 1. *Acreditación de partner ou revendedor autorizado da solución actual de monitorización instalada no Concello de Vigo NXT_ThreatView mediante certificado oficial do fabricante.*
 2. *Acreditación vixente da entidade de certificación proposta polo adxudicatario para a realización da auditoría externa cara obtención do ENS acreditada pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación).*
 3. *Acreditación vixente da pertenza do SOC proposto como membro de CSIRT.es, rede de equipos de resposta a incidentes de seguridade dentro do territorio español.*
 4. *Acreditación vixente da pertenza do SOC proposto a algunha rede internacional de equipos de resposta a incidentes de seguridade CSIRT como FIRST ou Trusted Introducer.*
 5. *Acreditación vixente da certificación de conformidade do ENS en categoría media ou superior por parte do licitador acreditado pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación)”.*

Debe dicir:

- *“Os consignados na cláusula cláusula 8.4.8º deste PCAP.*



Concello de Vigo

➤ *Posuír as seguintes acreditacións técnicas:*

- 1. Acreditación de partner ou revendedor autorizado da solución actual de monitorización instalada no Concello de Vigo NXT_ThreatView mediante certificado oficial do fabricante.*
- 2. Acreditación vixente da pertenza do SOC proposto como membro de CSIRT.es, rede de equipos de resposta a incidentes de seguridade dentro do territorio español.*
- 3. Acreditación vixente da pertenza do SOC proposto a algunha rede internacional de equipos de resposta a incidentes de seguridade CSIRT como FIRST ou Trusted Introducer.*
- 4. Acreditación vixente da certificación de conformidade do ENS en categoría media ou superior por parte do licitador acreditado pola ENAC (Entidade Nacional de Acreditación)".*

3º.- Reiniciar o prazo de presentación de ofertas.

4º.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e, no suposto de que se tivera presentado algunha oferta requirirase aos licitadores para que manifesten se manteñen a oferta presentada ou a retiran para presentar unha nova".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas. Como secretario dou fe.

SGF/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez